

senior **BT**

Banco Europeo de Tempo  
de Voluntarios Senior

senior **BT**

Un consorcio internacional é responsable do proxecto.

**Galicia / España**  
Concello de Carballo

concello de  
**CARBALLO**

**Puglia/ Italia**  
Associazione SUD-EST DONNE



Banco Europeo de Tempo  
de Voluntarios Senior



Lifelong learning programme  
GRUNDTVIG

## SeniorBoT

É un proxecto europeo de voluntariado (cofinanciado polo Programa de Aprendizaxe Permanente – GRUNDTVIG, da Comisión europea) que ten como obxectivo desenvolver as competencias persoais, sociais e interculturais dos voluntarios participantes, ofrecendo novas oportunidades de aprendizaxe a persoas maiores e fomentando o concepto de “envelhecimento activo”.

O proxecto ten unha duración de 24 meses.

### En qué consiste?

O proxecto Senior BoT, promovido polo Concello de Carballo (España) e Sud Est Donne (Italia) pretende ampliar as actividades de voluntariado local baseadas nos Bancos de Tempo que ambas entidades veñen desenvolvendo con enorme éxito nos últimos anos.

Neste contexto, o proxecto dará unha oportunidade a 12 persoas maiores de 50 anos das localidades participantes para coñecer durante unha estadía de 3 semanas de duración, a cultura, a historia, as tradicións e a realidade destes países a través da realización de actividades de voluntariado relacionadas con servizos da vida cotiá.

O proxecto correrá cos gastos de desprazamento e manutención dos participantes durante a súa estadía no estranxeiro, dándolles ademais una preparación previa antes da súa partida.

### Qué cubriría o programa

O Programa cubre os gastos da viaxe (incluíndo os seguros de asistencia en viaxe) e manutención durante todo o período de desprazamento, tanto dos voluntarios italianos a Carballo como dos voluntarios galegos a Italia.

### Datas de referencia e actividades previstas

- Acolida de voluntarios italianos en Carballo: marzo – setembro de 2012
- Envío de voluntarios de Carballo a Italia: maio – outubro de 2012

Durante a súa estadía no estranxeiro, levaranse a cabo intercambios de tempos entre as persoas participantes no proxecto, apoiando a cooperación informal para o desenvolvemento de diversas actividades. Así, unha persoa deposita unhas horas de tempo ofrecendo un servizo informal que quere dar e, a cambio, pode pedir tempo a outras persoas para algunhas necesidades súas do día a día.

Neste sentido, os países de acollida organizarán actividades de voluntariado como o intercambio de cursos de cociña, tarefas do fogar, costura, calceta, coidado de dependentes e todas aquelas relacionadas coas actividades diarias que poidan desenvolver os voluntarios.

### Cómo podo participar?

Para obter máis información sobre o proxecto e solicitar a participación no mesmo, poden pórse en contacto con:

Concello de Carballo  
Concellería de Igualdade e Benestar  
Teléfono: 981 704 700

senior **BoT**

Banco Europeo de Tempo  
de Voluntarios Senior